

CONTROL DE ESFÍNTERES

O control de esfínteres considérase un fito importante do desenvolvemento que se inicia en torno aos dous anos de idade, e que engloba os hábitos hixiénicos relacionados coa micción e a defecación.

PROCESO COMPLEXO QUE IMPLICA MÚLTIPLES FACTORES...

...motores, sensoriais, cognitivos, comunicativos, polo que é fundamental considerar, antes de iniciar a súa aprendizaxe, o desenvolvemento madurativo da crianza.

Un inicio temperá, nunha crianza non preparada, pode ter consecuencias negativas no neno ou na nena e na familia, desde a retención de urina co consecuente risco de infección e alteración da función urinaria, o rexeitamento ao uso do inodoro, ate alteracións emocionais.

Un 50% das crianzas, acadan o control de esfínteres ao redor dos 30 meses de idade, aos 36 meses, un 75 % das crianzas xa terían adquirida esa aprendizaxe, sendo despois dos tres anos, que un 95 % acadarán este fito do desenvolvemento.

A CRIANZA PODERÍA ESTAR PREPARADA SE ENTRE OUTROS...

- Permanece cada vez durante máis tempo seco e limpo.
- Séntase no wc ou no ouriñal de bo grado, sen medo ou rexeitamento.
- Móstrase incómodo cando ten o cueiro sucio ou mollado e pode tratar de quitalo ou pedir para que o cambien.

PARA ACOMPAÑAR...

- Iniciar os cambios de cueiro no cuarto de baño.
- Ofrecer oportunidades para sentarse no wc ou no ouriñal, polas mañás ao despertar, despois das comidas e antes de ir para cama. Isto sempre e cando a crianza o acepte, é fundamental non forzar nin obrigar.
- Mudar do cueiro á braga- cueiro, facilitando que seña o propio neno ou nena quen suba e baixe a roupa.
- Asegurar un correcto posicionamento, ofrecendo apoio para os pés e adaptador no caso do wc. De empregar ouriñal, este estará sempre situado no cuarto de baño.
- Non empregar castigos ou recompensas. Tendo en conta que o control de esfínteres depende do desenvolvemento madurativo, perden o sentido, e se ben a curto prazo poden ter un efecto positivo, a medio, longo prazo poden ter consecuencias negativas, desde que a crianza ignore as sensacións do seu corpo, ata rexeitamento ao uso do inodoro.
- Axudar ao neno ou á nena a recoñecer os sinais do seu corpo, por exemplo, se vemos que se está movendo moito, que cruza as pernas ou que leva as mans aos xenitais, "Vaia, estás un pouco incómodo, pode ser que teñas ganas de facer pis? Vamos ao cuarto de baño?"

No caso de existir outros condicionantes como son estrinximento ou rexeitamento ao wc, é importante consultar cun profesional de Atención Temperá que poida avaliar a situación e acompañar á familia e á crianza no proceso.

